

**OBRADOIRO C****PASAPORTE ANIMAL****IVÁN PENA****DIEGO RÚA****DAVID VILLARES****ASESORÍA DE COMPETENCIA LECTORA**

📍 EDIFICIO FONTÁN - SANTIAGO DE COMPOSTELA - 12 DE MARZO 2026

**Estación 1: “Motivación inicial e descubrimento do reto”**

Crear unha pequena historia audiovisual sobre o centro de interese, estruturada en tres ou catro escenas breves, interactuando con todos os elementos da aplicación (fondos, imaxes, animacións, audio e movementos), explorando as súas posibilidades expresivas e integrando a gravación de todos estes recursos na creación final.

1. Obxectivo: Xerar interese, activar coñecementos previos e contextualizar o centro de interese.
2. Función na fase: Activa a curiosidade inicial, introduce o tema de forma narrativa e promove a expresión creativa audiovisual.
3. Ámbitos desenvolvemento no Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información:
  - a. Lectura: Lectura de imaxes, escenas e linguaxe audiovisual; comprensión de narrativas breves.

- b. Escritura: Guionización de pequenas historias; escritura creativa multimodal.
- c. Oralidade: Narra, dramatiza e expresa emocións ao presentar a historia.
- d. Acceso e tratamento da información (AMI): Comprende intencións comunicativas, identifica recursos expresivos e usa aplicacións de creación audiovisual.

4. Materiais: [Movie Adventure](#)

## **Estación 2: “Creamos un banco de recursos de achegas familiares ao centro de interese”**

Crear un ou dous marcadores de realidade aumentada (póster, fotografía, debuxo, audio ou vídeo) a partir do recurso achegado sobre o centro de interese (libro, obxecto, texto...). Vincular a cada un deles un breve vídeo ou audio explicativo.

Configurar un banco inicial de recursos interactivos en realidade aumentada que documente o inicio do proxecto.

1. Obxectivo: Explorar información inicial, incorporar coñecementos e recursos persoais ou familiares e construír un banco común de materiais.
2. Función na fase: Permite conectar o coñecemento familiar/colectivo co centro de interese mediante tecnoloxía AR.
3. Ámbitos desenvolvemento no Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información:
  - a. Lectura: Lectura de textos, vídeos ou audios aportados polas familias.
  - b. Escritura: Redacción de descrições e etiquetas para os marcadores AR.

- c. Oralidade: Explica oralmente o contido dos recursos e como se relacionan co tema.
- d. Acceso e tratamento da información (AMI): Busca, selecciona e contextualiza información persoal ou colectiva, compartíndoa con ferramentas dixitais.

4. Materiais: [Halo AR](#)

### **Estación 3 “Documentámonos, analizamos e xeramos contido como profesorado sobre unha temática asociada ao centro de interese”**

Cargar dous ou tres documentos dixitais breves (textos, esquemas, fragmentos da programación do proxecto, novas ou artigos de prensa relacionados coa temática).

Formular unha única indicación clara para que o sistema xere propostas como, por exemplo, ideas de actividades ou recursos adaptados a un ciclo concreto, ou ben curiosidades e aspectos relevantes a ter en conta no seu desenvolvemento.

Finalmente, seleccionar unha ou dúas propostas que resulten especialmente útiles para integrar no proxecto.

1. Obxectivo: Recompilar información de fontes diversas e producir contidos baseados en evidencias.
2. Función na fase: Axuda ao profesorado e alumnado a sistematizar información e xerar novo coñecemento.
3. Ámbitos desenvolvemento no Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información:
  - a. Lectura: Le artigos, documentos ou fontes dixitais en diferentes formatos.

- b. Escritura: Redacción de síntesis, propostas ou materiais coas ideas extraídas.
- c. Oralidade: Presenta oralmente achados, proponendo reflexións e preguntas.
- d. Acceso e tratamento da información (AMI): Avalía a fiabilidade das fontes, utiliza IA de forma crítica e organiza información significativa.

4. Materiais: *NotebookLM*

## **Estación 4 “Situación/problema: Indagación, análise e pensamento crítico”**

Preparar e deseñar un pequeno escenario (cartolina, bloques, bonecos...) coa situación problema dada. Usar poucos personaxes e un único escenario para gañar tempo. Gravar unha secuencia de 10 ou 15 segundos sobre a situación problemática, favorecendo o pensamento crítico e a resolución de problemas (esta proposta pode estar enmarcada na conmemoración do Día da paz). Por exemplo: Burato no xeo, o mar cheo de plásticos, discusión pola comida e a árbore caída.

1. Obxectivo: Formular preguntas, analizar situacións e potenciar a resolución de problemas.
2. Función na fase: Traballa o pensamento crítico, análise de conflitos e resolución de problemas.
3. Ámbitos desenvolvemento no Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información:

- a. Lectura: Interpreta guións, secuencias de acción e mensaxes simbólicas.
  - b. Escritura: Elabora breves historias para a animación stop motion.
  - c. Oralidade: Explica as situacións creadas, argumenta e dialoga sobre solucións.
  - d. Acceso e tratamento da información (AMI): Analiza situacións desde distintas perspectivas, interpreta mensaxes audiovisuais e propón solucións creativas.
4. Materiais: [Stop Motion Studio](#)

## **Estación 5 “Mulleres artistas vinculadas ao proxecto”: a creación artística e difusión final**

Realizar unha documentación breve sobre a artista vinculada ao proxecto: Judit Scott. Seleccionar un recurso natural para intervir artisticamente e elaborar un texto asociado á creación resultante, citando expresamente á artista de referencia.

1. Obxectivo: Integrar coñecementos, expresar creativamente a aprendizaxe e compartir resultados co contorno.
2. Función na fase: Pecha o ciclo mediante unha produción artística significativa que une arte, natureza e igualdade.
3. Ámbitos desenvolvemento no Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información:
  - a. Lectura: Le biografías, textos artísticos e información sobre artistas.
  - b. Escritura: Escribe textos explicativos que acompañan a obra creada.

- c. Oralidade: Expón oralmente a súa produción, xustifica eleccións e comunica o aprendido.
  - d. Acceso e tratamento da información (AMI): Integra arte e información de forma ética, visibilizando referentes femininos e materiais culturais.
4. Materiais: documentación de referencia da artista, materiais naturais recollidos na contorna, trapillo, la e etiquetas identificativas.